



**Convenio de Colaboración
entre a Universidade de Santiago de Compostela
e a Consellería do Mar
PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE INVESTIGACIÓN
“POBOACIÓNS MICROBIANAS E CONTROL DE PATÓXENOS EN
CRIADEIRO DE BIVALVOS. CARA AO CRIADEIRO DO FUTURO.”
(AGL2017-86183-R)**

En Santiago de Compostela, a 1 de xullo de 2019

COMPARECEN

Dunha Parte, a Universidade de Santiago de Compostela, (en adiante USC), con CIF Q1518001A, e enderezo en Pazo de San Xerome - Praza do Obradoiro, s/n, 15782 Santiago de Compostela, e no seu nome e representación o Sr. D. Antonio López Díaz, Reitor Magnífico de la USC, segundo o Decreto 57/2018 do 31 de maio da Xunta de Galicia (DOG do 05/06/2018), con poderes suficientes para a celebración deste acto en virtude do establecido no artigo 20 da Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades (BOE de 24/12/2001) e no artigo 85 dos Estatutos da USC, aprobados por Decreto 14/2014 de 30 de xaneiro da Xunta de Galicia (DOG de 12/02/2014) e ,

Doutra , D^a. Susana Rodríguez Carballo, directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar , actuando en exercicio da competencia que ten delegada en virtude do disposto na ORDE do 8 de setembro de 2017 de delegación de competencias na Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Mar, nas direccións xerais e xefaturas territoriais e na Presidencia do Consello de Administración do ente público Portos de Galicia. (DOG do, 21/09/2017)

En adiante, referidos individualmente como *Parte* e colectivamente como *Partes* do Convenio.

Devanditos representantes, recoñecéndose mutuamente capacidade xurídica suficiente, subscriben en nome das súas respectivas entidades o presente *Convenio de Colaboración* e, ao efecto

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación establece un marco de referencia para promover a colaboración entre os axentes públicos e privados do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, co fin de dar unha resposta eficaz ás esixencias do cambio tecnolóxico e de desenvolvemento económico sostible, de maneira que de acordo co artigo 34.1 da citada Lei prevese a posibilidade de celebrar convenios de colaboración suxeitos ao dereito administrativo, ben os propios axentes





públicos entre si, ou estes con axentes privados que realicen Actividades de investigación científica e técnica, xa sexan nacionais, supranacionais ou estranxeiros, co fin de realizar conxuntamente diferentes Actividades como, entre outros, proxectos e actuacións de investigación científica, desenvolvemento ou innovación.

SEGUNDO.- Que a USC é unha entidade de Dereito Público con personalidade e capacidade xurídica plenas e patrimonio propio, que realiza o servizo público da educación superior mediante a investigación, a docencia e o estudo, asumindo e desenvolvendo as súas funcións ao servizo da sociedade, entre as que están a difusión, valorización e a transferencia do coñecemento ao servizo da cultura, da calidade de vida e do desenvolvemento económico.

TERCEIRO.- Que o Centro de Investigacións Mariñas (CIMA), pertencente á Consellería do Mar (en adiante CM), exerce as funcións relativas á actividade investigadora e particularmente ás referidas ás áreas de procesos oceanográficos costeiros, recursos mariños, acuicultura e patoloxía.

CUARTO.- Que ao amparo da Orde ECC/1780/2013, de 30 de setembro (BOE nº 236 de 2/10/2013) que aproba as bases reguladoras para a concesión de axudas públicas do Programa Estatal de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Orientada aos Retos da Sociedade, no marco do Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica e de Innovación 2013-2016 (en adiante Plan Estatal de I+D+I), a Axencia Española de Innovación (AEI) aprobou, por Resolución de 8 de xuño de 2017, da Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación e da Presidencia da Axencia Estatal de Investigación, a convocatoria de tramitación anticipada para o ano 2017 do procedemento de concesión de axudas a proxectos de I+D+I, correspondentes ao Programa Estatal de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Orientada aos Retos da Sociedade, no marco do Plan Estatal de I+D+I.

QUINTO.- Que a USC presentou una solicitude de axuda para a realización dun proxecto baixo o título *“Poboacións microbianas e control de patóxenos en criadeiro de bivalvos. Cara ao criadeiro do futuro”* (en adiante o *Proxecto*) no marco da citada convocatoria dentro da Modalidade 1: Retos Investigación - Proxectos de I+D+i, baixo a dirección como Investigador/a Principal do Dr. Juan L. Barja Pérez contando no **equipo de investigación** coa participación de persoal do CIMA dirixido por Dra. Susana Nóvoa Vázquez para a realización de determinadas tarefas dentro do *Proxecto*.

SEXTO.- Que a devandita solicitude foi aprobada pola AEI segundo a Resolución de Concesión de 14 de xuño de 2018 da Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, coa referencia AGL2017-86183-R, concedéndose unha subvención final de 169.400,00 Eur.

SÉTIMO.- Que de acordo aos requirimentos especificados no artigo 9 da convocatoria referida no Expositivo Cuarto anterior, a USC e CIMA queren definir o alcance e tipo das actuacións a realizar por cada unha das mesmas para a correcta execución do referido *Proxecto*.





Por iso aos efectos de regular as relacións entre ambas *Partes*, e entre estas e a AEI, formalizan o presente *Convenio de Colaboración* (en adiante, *Convenio*) conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O propósito deste *Convenio* é regular a colaboración entre as *Partes* establecendo os termos e condicións polos cales se comprometen a cooperar para facilitar a execución dos traballos de investigación relacionados co *Proxecto* e fixar as obrigacións de carácter financeiro e de xustificación científico-técnica e económica ante a AEI, así como o tratamento dos resultados que xurdan froito da colaboración.

SEGUNDA.- COMPROMISOS DAS PARTES E DEBER DE COLABORACIÓN

2.1.- *Obrigacións xerais*.- As *Partes* adoptarán todas as medidas necesarias para cumprir, sen demora e no seu debido tempo, con todas as súas obrigacións para que o *Proxecto* se execute de conformidade cos termos e condicións deste *Convenio*, e especificamente para realizar as tarefas asignadas a cada unha das *Partes* co fin de lograr os obxectivos do *Proxecto*, de acordo coa descrición das mesmas que se presenta na memoria técnica que se adxunta como *Anexo 1* ao presente *Convenio*.

Así mesmo, as *Partes* comprométense, no que a cada unha lle corresponde, ao cumprimento das normas e condicións establecidas na convocatoria e coas que se especifiquen na Resolución de concesión da axuda por parte da AEI, que se achegará a este Acordo.

Sen prexuízo de calquera outras obrigacións derivadas do presente *Convenio*, cada *Parte* comprométese a:

- a) Notificar á outra *Parte* de calquera información relacionada co *Proxecto* que puidera afectar de forma substancial ao seu normal desenvolvemento.
- b) Informar á outra *Parte* das comunicacións pertinentes que reciba de terceiros en relación co *Proxecto*.
- c) Tomar todas as medidas necesarias e razoables para realizar a tempo as súas tarefas asignadas no programa de traballo do *Proxecto*, e especificamente aquelas que permitan notificar coa maior brevidade posible á outra *Parte* calquera atraso na execución do programa de traballo do *Proxecto*.
- d) Asegurarse da exactitude de calquera tipo de información ou material que subministre á outra *Parte* e corrixir con prontitude calquera erro no mesmo que lle fora notificado.
- e) Non utilizar premeditadamente como parte dun entregable ou de calquera información subministrada ningún dereito de propiedade correspondente a un terceiro para o que esa *Parte* previamente non adquirira o dereito que lle permita conceder licenzas e dereitos de uso á outra *Parte*, en virtude do especificado no presente *Convenio*.

2.2.- *Obligacións específicas do CIMA*.- O CIMA informará á USC, a través do/da *Investigador responsable* e/ou da unidade administrativa ou técnica correspondente, da marcha dos traballos do *Proxecto* e da utilización da axuda de acordo coas condicións e obrigacións establecidas na





convocatoria, na Resolución de Concesión e na Cláusula Sexta do presente *Convenio* ao obxecto de que a USC poda cumprir coas obrigacións de xustificación, seguimento e control das axudas como entidade beneficiaria.

TERCEIRA.- VIXENCIA DO *CONVENIO* E DURACIÓN DO *PROXECTO*

Este *Convenio* entrará en vigor tras a súa sinatura por ambas *Partes* e estenderase ata a completa finalización das obrigacións da USC, como entidade beneficiaria, ante a AEI.

A duración das actividades de investigación coincidirá coa prevista para o desenvolvemento do *Proxecto* de acordo coa indicada na Resolución de Concesión mencionada no expositivo Sexto.

CUARTA.- RESPONSABILIDADE DO *PROXECTO*

4.1. Responsabilidade do traballo.- Os responsables do *Proxecto* serán,

- por parte da USC, o Dr. Juan Luís Barja Pérez (Facultade de Bioloxía, CIBUS e Instituto de Acuicultura).
- e por parte do CIMA a Dra. Susana Nóvoa Vázquez.

4.2. Seguimento dos traballos e persoas de contacto.- As *Partes* manterán unha comunicación constante sobre os traballos de investigación realizados e comprométense, se fora o caso, a reunirse periodicamente ao obxecto de revisar os resultados obtidos e decidir sobre os pasos a seguir. Para o correcto seguimento do *Proxecto* e de acordo coas responsabilidades correspondentes, os interlocutores desde o punto de vista científico-técnico das *Partes* serán:

Pola USC:

Dr. Juan L. Barja Pérez
Dpto. Microbioloxía e Parasitoloxía
CIBUS/Facultade de Bioloxía
Universidade de Santiago de Compostela
Campus Vida
15782 Santiago de Compostela
Tel: 881816910
Correo-E: juanluis.barja@usc.es

Polo CIMA

Dra. Susana Nóvoa Vázquez
Centro de Investigacións Mariñas (CIMA)
Peirao de Porcillán, s/n
27700 Ribadeo (Lugo)
Tel: 982889401
Correo-E: susana.novoa.vazquez@xunta.gal





QUINTA.- APORTACIÓNS ECONÓMICAS E/O FINANCIAMENTO

A realización dos traballos de investigación obxecto desta colaboración será asumida polo proxecto nas partidas de material funxible e gastos de mostraxe, de xeito que a USC non está obrigada a transferir ningún importe pola participación do CIMA no *Proxecto*.

SEXTA.- SEGUIMENTO E XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

6.1. Seguimento científico-técnico.- De acordo co especificado no artigo 23 da Convocatoria, o CIMA deberá remitir á USC e no prazo que esta determine:

- Os informes requiridos para a execución do *Proxecto*
- Un informe final á finalización do período de execución do *Proxecto*.

Os devanditos informes deberán incluír a información suficiente para poder integralos no informe que a USC deba remitir á AEI, polo que nos mesmos se especificará o seguinte:

- Desenvolvemento das actividades, cumprimento dos obxectivos propostos na actuación, así como o impacto dos resultados obtidos evidenciados, entre outros, mediante a difusión de resultados en publicacións, en revistas científicas, en libros, en presentacións en congresos, en accións de transferencia, en patentes, en internacionalización das actividades, en colaboracións con grupos nacionais e internacionais e, no seu caso, na formación de persoal investigador;
- calquera cambio respecto aos gastos contemplados no orzamento incluído na solicitude inicial do *Proxecto*, xustificando adecuadamente a súa necesidade para a consecución dos obxectivos científico-técnicos do proxecto subvencionado;
- calquera modificación na composición e dedicación do equipo de investigación, sempre que fora autorizada polo órgano instructor, e da composición do equipo de traballo

6.2. Contactos para a remisión dos informes de seguimento e xustificación.- As persoas e unidade de contacto na USC para a remisión dos informe e documentación indicados anteriormente serán:

- **Informe científico-técnico:** O/A Investigador/a responsable indicado na Cláusula Cuarta.

SÉTIMA.- ESTABLECEMENTO DUNHA COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMENTO.

Constituirase unha comisión para o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio que asegure o bo fin e cumprimento do mesmo. Esta comisión reunirse a solicitude das partes asinantes, formando parte da mesma:

Por parte da Consellería do Mar, o director de Centro de Investigacións Mariñas (CIMA). Por parte da USC o responsable do departamento de Microbioloxía e Parasitoloxía da Facultade de Bioloxía.





OITAVA.- CONFIDENCIALIDADE DA INFORMACIÓN E DOS RESULTADOS E PUBLICACIÓN

8.1. Confidencialidade.- As *Partes* manterán confidencial calquera *Información* empresarial, institucional, científica ou técnica sempre que non sexa de dominio público, que reciban da outra *Parte*, ou á que puideran ter acceso no marco da súa colaboración en virtude do presente *Convenio*, non desvelándoa de ningunha forma sen autorización expresa da outra *Parte* e non utilizándoa para calquera outro propósito que non sexa o expresamente permitido polo presente *Convenio*.

Igualmente, aquela *Información* relacionada cos datos, coñecementos e informes obtidos durante a realización do estudo obxecto do presente *Convenio*, así como os resultados parciais e/ou finais, terán carácter confidencial.

Todas as *Partes* comprométese igualmente a que todo o persoal que participa no desenvolvemento do *Proxecto* coñeza e observe o compromiso de confidencialidade regulado por esta Cláusula.

8.2. Limitación da Confidencialidade.- As obrigacións de confidencialidade contraídas no presente *Convenio* cesarán só cando se poda demostrar clara e convincentemente, mediante evidencia escrita, que a devandita *Información* (i) se fai de dominio público sen que exista incumprimento do presente *Convenio* pola *Parte* que difundira a mesma, ou que, (ii) era coñecida pola *Parte* que a difundiu antes de serlle revelada pola outra *Parte*, ou que, (iii) lle foi revelada á *Parte* que a difundiu por un terceiro que non ten ningún compromiso ou obrigación de segredo ou confidencialidade, ou que, (iv) é ou se lle fai dispoñible á *Parte* que a difundiu a partir de desenvolvementos propios executados polos seus empregados ou axentes sen que estes fosen coñecedores, ou tiveran acceso ou utilizaran a referida *Información*, ou que (v) é requirida a unha das *Partes* polas Autoridades, en cuxo caso deberá notificar inmediatamente esta circunstancia á outra *Parte*. A *Parte* requirida só revelará aquela *Información* que sexa requirida legalmente e aportará á outra *Parte* garantías de que á antedita información se lle dará un tratamento confidencial.

8.3. Publicación e Divulgación.- Como principio xeral de entendemento, estimarase que non poderá ser difundida nin presentada a público coñecemento ningunha *Información* que puidera menoscabar os dereitos de propiedade industrial o intelectual que se deriven do traballo común. Por iso, aqueles resultados que, non sendo en si mesmos obxecto de patente ou outra forma de protección legal, puideran inhabilitar, pola súa publicación ou difusión, o recoñecemento de propiedade sobre unha obra, invención, proceso, produto ou modelo de utilidade, tamén deberán ser considerados como materia reservada e non difundible.

En calquera caso, se algunha *Parte* quixera publicar ou divulgar algunha *Información* relacionada co *Proxecto*, enviará cunha antelación suficiente non inferior a trinta (30) días, unha copia de soporte dos datos que desexa publicar aos interlocutores das outras *Partes* de maneira que podan revisar os documentos previamente á súa divulgación ou publicación, ao obxecto de examinar e controlar a exactitude da *Información*, o cumprimento da obrigación de confidencialidade e identificar posibles informacións susceptibles de protección podendo ser retida a devandita publicación ou divulgación ata que as *Partes* alcancen un acordo sobre a mesma de maneira que non resulte lesiva para os lexítimos intereses das *Partes* implicadas.

En toda publicación respectarase sempre a mención aos autores do traballo e en calquera dos casos





de difusión de resultados farase sempre referencia especial ao organismo e aos fondos que financiaron a súa realización, á referencia do *Proxecto* e ao presente *Convenio*.

8.4. Información Pública.- As *Partes* autorízanse mutuamente para dar información pública da firma deste *Convenio* na que poderá incluír título e prazo de realización.

NOVENA.- DEREITOS SOBRE PROPIEDAD INDUSTRIAL E INTELECTUAL

9.1. Dereitos de propiedade e uso da Información Previa.- Enténdese por *Información Previa* toda aquela información, coñecemento ou *know-how*, métodos, ferramentas, solicitudes de patentes, patentes, software e outros dereitos de propiedade industrial e intelectual e, en xeral, calquera información técnica xerada por cada *Parte* antes da data de entrada en vigor do presente *Convenio* e que é aportada polas *Partes* unicamente para a execución do *Proxecto*.

Cada *Parte* seguirá sendo propietaria da *Información Previa* aportada en virtude do presente *Convenio*, non se entenderá cedida á outra *Parte* ningunha *Información Previa* ao *Proxecto* e todas as *Partes* respectarán a devandita propiedade, así como a obrigaón de confidencialidade sobre a mesma.

As *Partes* resérvanse a facultade de utilizar a *Información Previa* da que son propietarias nas súas actividades propias e de facer a difusión que consideren adecuada. En particular, tanto a USC como o CIMA, poderán utilizar a *Información Previa* da que son propietarias para desenvolver a súa función investigadora.

9.2. Dereitos de propiedade Industrial e Intelectual das Partes sobre a Información Adquirida.- Enténdese por *Información Adquirida*, os resultados, técnicas, métodos, ferramentas e software que as *Partes* obteñan durante realización dos traballos contemplados neste *Convenio*, distintos da *Información Previa* e que deriven expresamente da colaboración entre as *Partes* durante a execución do *Proxecto*.

A *Información Adquirida* será propiedade de todas as *Partes*, e na medida en que a devandita *Información Adquirida* sexa susceptible de protección legal mediante calquera título de propiedade industrial ou intelectual e que non estean suxeitos a titularidade ou protección previa de acordo ao especificado no apartado 8.1 anterior, as *Partes* compartirán a titularidade sobre os dereitos de propiedade industrial ou intelectual, sendo inicialmente os anteditos dereitos así como as obrigacións do correspondente mantemento, proporcionais aos recursos intelectuais e económicos aportados no *Proxecto* que deu pé ao resultado protexible salvo que se acorden outras condicións. Por tal motivo, as *Partes* deberán formalizar un acordo específico de cotitularidade, previo á solicitude de calquera título de protección, que regule polo menos os seguintes aspectos: reparto de obrigacións e dereitos de cada unha das *Partes* cotitulares, e tratamento e xestión do título de protección.

En todo caso farase especial mención aos investigadores que participaran na invención ou creación da obra figurando como inventores en caso de patente ou, respectando os dereitos morais da propiedade intelectual, sendo recoñecidos como autores da obra.

9.3. Obrigación de comunicación.- As *Partes* comprométense a comunicarse, a través das persoas





indicadas na Cláusula Undécima. *Notificacións*, a obtención de calquera resultado susceptible de protección industrial ou suxeito a dereitos de propiedade intelectual segundo o especificado no apartado 8.2 anterior mediante unha descrición da invención ou resultado e a identificación dos inventores ou autores.

9.4. Interlocutores.- Para a elaboración dos acordos relacionados coa titularidade e dereitos de propiedade citados anteriormente, os interlocutores válidos son os indicados na Cláusula Duodécima. *Notificacións*.

DECIMA.- EXPLOTACIÓN DE RESULTADOS E REGULACIÓN DE REGALÍAS

10.1.- Explotación de resultados.- Considerando que puidera existir a posibilidade de explotar os resultados obtidos froito da colaboración, as *Partes* comprométese a definir durante la vixencia do *Convenio* e en calquera caso no prazo máximo de seis (6) meses tras a finalización do *Proxecto* obxecto do presente *Convenio*, un acordo que regule o réxime de explotación dos resultados obtidos, protexidos ou non, ben sexa explotación levada a cabo conxuntamente entre as *Partes*, ben por algunha de elas en particular o ben a que se poda tratar de realizar u obter por terceiros. O devandito acordo igualmente regulará as regalías ou contraprestacións económicas correspondentes a cada unha das *Partes*, derivadas da explotación.

Así mesmo, no caso de que a *Información Previa* propiedade dalgunha das *Partes* sexa necesaria para a explotación dos resultados, será requisito definir un acordo de licenza de explotación, que se pactará en documento escrito, antes do inicio da explotación dos resultados, especificando as contraprestacións económicas ás que tivera dereito, previo a calquera explotación.

10.2.- Interlocutores.- Para a elaboración dos acordos relacionados coa explotación de resultados e regulación de regalías os interlocutores válidos son os indicados na Cláusula Duodécima. *Notificacións*.

UNDÉCIMA.- MODIFICACIÓN, CANCELACIÓN, RESOLUCIÓN E PRÓRROGA DO CONVENIO

11.1. Modificación do Convenio.- As *Partes* poderán modificar os termos do presente *Convenio* por acordo mutuo e previa comunicación e autorización pola AEI debendo quedar reflectido por escrito nun novo convenio ou adenda ao actual.

11.2. Resolución do Convenio.- O presente *Convenio* poderá ser obxecto de resolución i) por *caso fortuíto ou causa maior*, para o que a *Parte* obrigada a resolver este *Convenio* deberá comunicalo de forma fidedigna ás outras *Partes* ou ii) por *incumplimento das obrigacións contraídas no Convenio*, en cuxo caso a *Parte* infractora poderá emendar a falta dentro dos trinta (30) días seguintes tras recibir a notificación por escrito certificado con acuse de recibo emitida pola *Parte* afectada na que se indiquen as causas polas que se comunica a decisión de resolver o *Convenio*. En caso de resolución, quedarán automaticamente anulados os dereitos da *Parte* infractora estipulados neste *Convenio*. A *Parte* infractora verase obrigada a remitir ás outras *Partes* un informe cos resultados obtidos ata a data de resolución do *Convenio*.

11.3. Prórroga do Convenio.- As *Partes* poderán negociar a posibilidade de continuar cos traballos de investigación obxecto deste *Convenio* tras a finalización do mesmo reflexándoo nun novo convenio onde se establecerán as novas condicións.





11.4. Obrigacións trala terminación do Convenio.- Calquera que sexa a causa de finalización do *Convenio*, cancelación, resolución ou fin do período de vixencia acordado, non suporá para ningunha das *Partes* a terminación das obrigacións contraídas no mesmo, no referente ás Cláusulas Sexta, Sétima, Oitava e Novena.

DUODÉCIMA.- NOTIFICACIÓNS

Calquera notificación entre as *Partes* que deba facerse en relación co presente *Convenio*, deberá remitirse ao enderezo abaixo indicado, que poderá ser modificado por calquera das *Partes* mediante notificación por escrito á outra *Parte* cunha antelación mínima de dez (10) días. A notificación deberá entregarse en persoa por mensaxería urgente, por correo certificado con acuse de recibo, facéndose efectiva á súa recepción ou por medio de facsímile.

Pola USC

Notificacións e Aspectos contractuais

Área de Xestión e Valorización da I+D
Edificio CACTUS
Vicerreitoría de Investigación e Innovación
Universidade de Santiago de Compostela
Campus Sur
15782-Santiago de Compostela
Tel: 8818 16201
Fax: 8818 16203
Correo-E: oitdir@usc.es

Polo CIMA

Notificacións e Aspectos contractuais

Dirección xeral de Desenvolvemento Pesqueiro
Rúa dos Irmandiños s/n
Subdirección de Investigación e Apoio
Científico-Técnico,
15701 Santiago de Compostela
Tel: 881996057
Fax: 981546138
Correo-E: alberto.otero.pena@xunta.gal

DECIMO TERCEIRA.- PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS E PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

13.1. Prevención de Riscos Laborais.- Todas as *Partes* comprométense ao cumprimento do *Real Decreto 171/2004, de 30 de xaneiro*, polo que se desenvolve o artigo 24 da *Lei 31/1995, de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais*, en materia de coordinación de actividades empresariais.

13.2. Protección de Datos Persoais.- De conformidade co disposto na *Lei Orgánica 3 /2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais* e demais normativas aplicables, as *Partes* comprométense a respectar as citadas normas e a preservar absoluto secreto sobre os datos persoais aos que tivesen acceso no ámbito deste Contrato e adoptar todas as medidas necesarias, idóneas e/ou simplemente convenientes, de tipo técnico e organizativo, que garantan a súa seguridade e protección.

DECIMO CUARTA.- NATUREZA E XURISDICIÓN

O presente convenio queda fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, conforme ó establecido no seu artigo 6, e rexerese polo contido das súas estipulacións e pola normativa administrativa de carácter básico, entre outras, pola 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e Lei 40/ 2015, de





1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público,

En ningún caso, a colaboración á que se comprometen as Partes en virtude deste Convenio, implicará que entran nalgún acordo de asociación ou de organización empresarial permanente nin extensible a outros proxectos, non producíndose, por tanto, nin confusión de personalidades nin alteración algunha na personalidade xurídica de cada unha de elas, polo que nada do aquí pactado poderá interpretarse como unha limitación de facultades ou dereitos das Partes para levar o resto das súas actividades en forma independente e no seu exclusivo beneficio. Igualmente, ningunha das Partes poderá actuar como axente ou representante da outra Parte.

As Partes comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poda xurdir no desenvolvemento do presente Convenio, a través da Comisión Mixta mencionada na cláusula sétima. En caso de que non se chegue a ningún acordo e persista o conflito, as Partes acordan someterse á Xurisdición Contencioso-Administrativa.

E en proba de conformidade de canto antecede, firman por triplicado o presente documento e o rubrican en todas as súas páxinas, no lugar e data arriba indicados.

Pola USC

Pola Consellería do Mar

Antonio López Díaz

Susana Rodríguez Carballo





ANEXO 1

MEMORIA CIENTÍFICO-TÉCNICA

Título

Poboacións microbianas e control de patóxenos en criadeiros de bivalvos. Cara ao criadeiro do futuro.

Acrónimo

BAPOLABinHATCH

Resumo

BAPOLABinHATCH é un proxecto de investigación translativa que pretende achegar a investigación microbiolóxica ao criadeiro de bivalvos para aportar ferramentas que axuden a solucionar a súa problemática.

O obxectivo xeral é integrar os coñecementos científicos resultados dos proxectos BAPOHATCH, en especial acerca dos patóxenos do xénero *Vibrio*, causantes de mortalidades que comprometen a produción, e a súa dinámica no criadeiro. Complementaranse con novas investigacións (*in vitro*, *in vivo* e *in silico*) para facilitar o deseño rápido de novos achegamentos diagnósticos ou terapéuticos.

Os traballos articularanse en catro liñas:

1. Estudo das interaccións fitoplancto-bacterias.
2. Reprodutores - ovos - larvas: Metaanálise e busca de indicadores microbianos.
3. Estudo dos vibrios patóxenos larvários. Factores de virulencia e biopelículas bacterianas.
4. Melloras no criadeiro: implementación de protocolos e ensaio de novas tecnoloxías.

A relación fitoplancto-bacterias estudarase nos dous sentidos. Por un lado, avaliarase a capacidade de inhibición *in vivo* das distintas especies de microalgas sobre os vibrios patóxenos. No outro sentido, farase unha análise metaxenómica da poboación bacteriana destas especies de fitoplancto, para coñecer os seus compoñentes e as posibles actividades metabólicas de interese.

Respecto aos bivalvos, os resultados obtidos ata o momento indican que o mellor enfoque para tratar de evitar as mortalidades larvárias por vibriosis, e erradicar o uso de antibióticos, é considerar a secuencia *reprodutores-ovos-larvas*. Compilaranse os datos, microbiolóxicos e de cultivo, xerados nestes anos de





estudos dos reprodutores e cultivos larvarios de diferentes especies. O conxunto de datos será obxecto dunha metaanálise para identificar patróns que axuden a avaliar posibles indicadores microbianos para predicir o éxito/fracaso dos cultivos, con especial atención a aqueles que resulten de aplicación doada no criadeiro polo seu persoal.

Afondarase no coñecemento dos vibrios patóxenos, grazas á secuenciación dos seus xenomas completada en BAPOHATCH. Continuaranse os estudos de factores de virulencia e de formación de biopelículas. Esta bagaxe debe aportar ferramentas para, en diálogo co criadeiro, desenvolver protocolos de manexo e limpeza que axuden a controlar a proliferación destes patóxenos.

Será transversal ao proxecto o labor de melloras no criadeiro, implementando os protocolos e medidas de actuación derivados dos traballos realizados. Dentro destes traballos, enmárcase o esforzo por modernizar o criadeiro, explorando a aplicabilidade, utilidade e rendibilidade das novas tecnoloxías para realización de analíticas (plataformas móbiles).

O reto deste proxecto é tender unha ponte entre dous ámbitos tan separados actualmente como a investigación e a produción en criadeiros de bivalvos, para lograr que os grandes avances científicos dos últimos anos se reflectan en solucións prácticas a problemas do sector.

